

Jesús M^a VARELA OGANDO

Argazos

Na profundidade do mar
fúndese con intensidade
a agochada mirada.

A mirada cansa
do esforzo obrado
no amor da amada.

A amada nos seus ollos
procura o amor dos teus.
Enriba, flotan os argazos.

Pensamentos

Hai mil anos fuches auga
regabas as miñas raíces.

Noutra vida eras lume
e queimabas os tremores
dos meus beizos xa esturrados.

Os teus ollos fondos reflicten
todas as cores das flores
e devólvenme a beleza das paisaxes.

Os tus peitos, niños quentes, tecidos
nas pólas dunha amendoeira,
gardan o alento do derradeiro
latexo do noso encontro.

Ti es luz que aluma o amor,
eu, escuridade que lambe as súas feridas.